

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Historia e teoría da literatura dramática
DISCIPLINA	Literatura Dramática II
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	
CURSO	2º
CRÉDITOS ECTS	3,5 créditos
CARÁCTER	
DEPARTAMENTO	Teoría e historia das artes escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Carmen Abizanda Losada
DOCENTES	Nome e apelidos: Carmen Abizanda Losada Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: D4 Contacto: carmenabizanda@edu.xunta.gal
DESCRICIÓN	Estudo dos principais textos e autores relevantes do período da literatura dramática universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon, ao seu contido, forma e xénero e tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do/da intérprete.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Competencias básicas adquiridas na materia de Teoría e análise dramática. Faise necesario superar a Literatura Dramática I para poder ser avaliado da Literatura Dramática II.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.

X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.	
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE		
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
E16	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Lectura comprensiva e analítica dos textos das épocas correspondentes.		T8, X3, E16
2. Comprensión dos factores sociais, estéticos e literarios que sustentan as creacións dramáticas de cada autor		T2, X6
3. Identificación dos autores e movementos, distinguindo os trazos singulares das súas obras e os discursos dramáticos vinculados.		T2, T8
4. Desenvolvemento da capacidade crítica aplicada á lectura e valoración das creacións literarias.		T8, X3
5. Expresión precisa e técnica das propias ideas en relación cos textos, tanto oralmente como por escrito.		T1, T8
6. Análise comparativa de textos, da mesma corrente ou de correntes diferentes, e de manifestacións artísticas diversas.		T15, T14
7. Dominio da metodoloxía de investigación bibliográfica, incorporando as novas tecnoloxías e facendo un uso adecuado das mesmas.		T3, X1
8. Interpretación da obra dramática de xeito aplicado á especialidade de interpretación.		X5, E15
9. Participación activa en presentacións e debates, defendendo con rigor as súas ideas propias, fomentando o respecto e a escoita das ideas alleas.		E15, T8, X3, T9, X7
10. Estimulación da autonomía de traballo e o interese persoal polas materias tratadas.		T1, E16, T2, X1, X7
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A dramaturxia universal do século XIX do Romanticismo e o Realismo ata os movementos de vangarda.	1.1 O Romanticismo. 1.1.2 Características xerais 1.1.2 Goethe. 1.2.2 Schiller. 1.2.3 <i>Woyzeck</i> de Büchner. 1.2.4 España: Duque de Rivas e José Zorrilla. 1.2 O teatro do Realismo e do Naturalismo: 1.2.1. Henrik Ibsen. 1.2.2 August Strindberg. 1.2.3 Zola e os aspectos interpretativos e actorais do ideario Naturalista. 1.2.4 Rusia. Os dramas de Chekhov. Hacia un novo modelo de interpretación. 1.3 O Simbolismo. Antecedentes e características: 1.3.1 Maeterlinck e Claudel. A crise do actor	12h.

	naturalista 1.3.2 Oscar Wilde. 1.4 Os ismos na literatura. 1.4.1 <i>Ubú roi</i> de Alfred Jarry.		
2.A literatura dramática universal no XX. A evolución do personaxe ó longo das distintas dramaturxias.	2.1. A dramaturxia de Pirandello. 2.2 O Brecht e o teatro épico. Unha nova visión do actor. 2.3. Jean Genet. Teatro e cerimonia. 2.4. O absurdo. 2.4.1 Ionesco, Beckett e Adamov. 2.4.2 España. Arrabal 2.5 O teatro existencialista de Sartre e Camus. 2.6 A dramaturxia psicoloxista americana. O Actors Studio. Arthur Miller, Tennessee Williams, Thornton Wilder e Eugene O'Neill. 2.7 As creacións do teatro documento . Peter Weiss. Personaxe e realidade.	12	
3. Dramaturxias españolas do século XX. A continua procura dun novo teatro.	3.1. Valle-Inclán e García Lorca. Novos camiños para o actor. 3.2. O exilio: María Zambrano, Max Aub e José Ricardo Morales.	9h.	
4. O grupo Nós e as dramaturxias da posguerra.	4.1 Rodríguez Castelao e Otero Pedrayo. 4.2 Posguerra: Álvaro Cunqueiro. 4.3 Textos dramáticos e interpretación no teatro galego do século XX.	12h.	
TOTAL SESIÓNS		45h.	
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	5		5
Exposición maxistral	12		12
Exposición práctico-teórica	7		7
Práctica individual	4		4
Práctica colectiva	7		7
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias (Lectura e análise individual)		60	60
Outros			
Titorías individuais	5		5
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5		5
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	45	60	105
PORCENTAXE	40%	60%	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como presentar a materia.		
Exposición maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de		

	estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de proporcionar na aula os contidos conceptuais mínimos da disciplina.	
Lectura e análise individual	Interpretación personal e rigurosa dos textos de lectura obrigatoria. O alumno deberá tomar nota dos aspectos e impresións que lle suxira a lectura co obxectivo de reflexionar sobre eles e de utilizalos para a posta en común. Debe, ademais, ter especialmente en conta o análise dos elementos de significación do texto proposto polo docente para a súa lectura.	
Posta en común colectiva na aula	O alumno deberá mostrar as súas percepcións con respecto as pezas lidas e con respecto os contidos concretos que presente o docente.	
Traballos práctico-teóricos de creación	A partir do material presentado o alumno deberá desenvolver traballos prácticos que redunden nun mellor aproveitamento dos coñecementos adquiridos e tamén dos autores estudados.	
Actividades de avaliación	O alumno deberá ser avaliado polos traballos de aula, polas análises semanais das pezas obrigatorias postas en común na aula, polas notas de lectura destas pezas tomadas polo alumno e por un comentario crítico sobre unha delas.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Titorías	Os alumnos contan cunhas cinco horas de titorías semanais, sin perxuízo de que se fagan encontros co profesor cando o alumno así o requira. O profesor tamén estará en contacto con eles a través do enderezo electrónico.	
Corrección e comentarios	Os alumnos poderán contrastar os seus análises co profesor todas as semanas. Cada unha delas traballarán sobre unha peza distinta do periodo da literatura obxecto de estudo, contrastándola con outras pezas do mesmo autor o de outros do mesmo movemento.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Aqueles alumnos que teñan dereito a avaliación continua realizarán no marco das clases os traballos prácticos de aula, os traballos individuais e máis grupais e un comentario crítico sobre unha das pezas de obrigatoria lectura. O alumno deberá presentar tamén na data marcada pola docente un diario coas notas que individualmente tomou da lectura das obras. Valorarase especialmente a participación activa na clase e nos debates que xordan das análises das pezas obrigatorias. <u>Obras de lectura obrigatoria:</u> -Os <i>bandidos</i> de Schiller. (*) -O <i>Woyzeck</i> de Büchner. - <i>Un inimigo do pobo</i> de Ibsen.	T1, T2, T3, T8, T9,T14, T15, X1, X3, X5, X7, EI5. EI6	80%

<p>-A <i>señorita Xulía</i> de Strindberg. -A <i>gaivota</i> de Chekhov. -A <i>intrusa</i> de Maeterlinck. -<i>Salomé</i> de Oscar Wilde. -Ubú roi de Alfred Jarry. -<i>Seis personaxes en busca de autor</i> de Pirandello (*) -<i>Nai Coraxe e os seus fillos</i> de Brecht. -<i>Os días felices</i> de Beckett. -<i>El arquitecto y emperador</i> de Asiria de Arrabal. (*) -<i>Calígula</i> de Camus. -<i>Un tranvía chamado desexo</i> de Tennessee Williams. -<i>Así que pasen cinco años</i> de García Lorca. -<i>El retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte</i> de Valle-Inclán. - <i>A tumba de Antígona</i> de María Zambrano. -<i>San Juan</i> de Max Aub. - <i>Teatro ignorado</i> de Otero Pedrayo. (A <i>intrusa</i> de Maeterlinck vémosla a mesma semana que <i>Salomé</i> de Oscar Wilde. Igual que Valle-Inclán e Lorca se estudarán xuntos). Os estudantes que non teñan superada algunha das probas necesarias deberán realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria.</p> <p>Tamén se terá en conta a participación en clase de xeito que estará reflectida na nota final.</p>	<p>T1,T8,T15,X1,X5</p>	<p>30%</p> <p>Total: 100%</p>
<p><u>Descrición sintética:</u> E exercicios teórico-prácticos de creación (E exercicios de aula).</p> <p>Análise e exposición oral na aula sobre as pezas dramáticas e notas tomadas polo alumno durante a lectura.</p> <p>Comentario crítico dunha peza de obrigada lectura.</p>	<p>X1, X5, X7, E15, T1, T8</p> <p>T8, T2, T14, T15, X1, X3, X5, X7, E16</p> <p>T1,T2,T14, X1, X6, X7</p>	<p>25%</p> <p>30%</p> <p>25%</p>

Participación.	T1,T8,T15,X1,X5	20%
Total: 100%		
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Na convocatoria de xullo o alumno deberá examinarse dos contidos aos que se refire o temario e tamén deberán responder a preguntas sobre estes textos. Quen non supere a avaliación ordinaria terá que realizar este exame.	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15, X1, X3, X5, X6, X7, EI5, EI6 Exame	100% Total: 100%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Os estudantes que perdan o dereito a avaliación continua por ausentarse a máis dun 10% das horas da materia deberán someterse a exame na convocatoria de xaneiro. Este consistirá en preguntas sobre os contidos aos que se refire o temario e sobre as lecturas obrigatorias.	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15, X1, X3, X5, X6, X7, EI5, EI6 Exame	100% Total: 100%
O alumno que copie en calquera exame terá automaticamente un suspenso na asignatura.		
Tanto na convocatoria de xaneiro como na de xullo o alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do mesmo.		
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas		
Doménech, Ricardo (2008) <i>García Lorca y la tragedia española</i> . Madrid: Fundamentos.		
Nicoll, Allardyce (1964) <i>Historia del teatro mundial</i> . Madrid: Aguilar.		
Oliva César y Torres Monreal, Francisco (1990) <i>Historia básica del arte escénico</i> . Madrid: Cátedra.		
Ruiz Ramón, Francisco (2007) <i>Historia del teatro español del siglo XX</i> . Madrid: Cátedra.		
Veites, Manuel (Cood) (2008) <i>Literatura dramática. Unha introducción histórica</i> . Vigo: Galaxia.		
Referencias complementarias		
Aznar Soler, Manuel (ed.) (2003) <i>Laberintos del exilio</i> . Madrid: Biblioteca del exilio.		
Canavaggio, Jean (1995) <i>Historia de la literatura española</i> . Barcelona:Ariel.		
Doménech, Ricardo (ed.) (1988) <i>Ramón del Valle-Inclán. El escritor y la crítica</i> . Madrid:Taurus.		
Gurpequi, José Antonio (2002) <i>Estudios sobre teatro en lengua inglesa</i> . Madrid:Huerfano Fierro Editores		
Hormigón, Juan Antonio (2008) <i>Del personaje literario-dramático al personaje escénico</i> . Madrid: ADE.		
Muñoz-Alonso López, Agustín (2003) <i>Teatro español de vanguardia</i> . Madrid:Castalia.		
Pavis, Patrice (1998) <i>Teatro contemporáneo: imágenes y voces</i> . Chile:Lom Ediciones.		
Riquer Martín y Valverde, José María (1999) <i>Historia de la literatura universal</i> . Madrid: Gredos.		

Sánchez, José Antonio (ed.) (1999) *La escena moderna*. Madrid: Akal
VV.AA (1992) *Historia de la literatura* volumen IV, V e VI. Madrid: Akal.
Vieites, Manuel (2005) *Análise e interpretación dos textos dramáticos*. Vigo: Galaxia.
Wellwarth George E.(1974) *Teatro de protesta y paradoja*.Madrid. Lumen.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Calquera traballo escrito ten que manter as normas básicas de presentación, ortografía e redacción.

A asistencia é obrigatoria pero non implica aprobar, senón que hai que acadar uns mínimos avaliábeis.

A copia de material sacado da rede ou doutro soporte sen facer referencia explícita a súa procedencia implicará o suspenso na asignatura.

Esta programación pode verse modificada nalgún punto en virtude do desenvolvemento da docencia e os seus imprevistos a criterio do docente avisando o alumnado de ditos cambios.

